

## MEMORIA FIN DE CURSO 1º PRIMARIA

### 1.- ESPAZO

O alumnado de 1º de Primaria ocupa unha aula no 2º andar de 48m cadrados na zona sur do colexio. Na área Tic, acudiron á aula STEM situada na planta baixa. Tamén acudiron á aula de plástica, ximnasio e biblioteca cando o horario así o indicaba. Na aula teñen un rincón con xogos e material manipulativo que utilizaron a cotío.

### 2.- ACTIVIDADES ( Proxectos, titoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)

Este curso fixemos todas as actividades de aprendizaxe propostas na programación de aula e estrictamente curriculares, Ademais, cando o alumnado o precisaba, fixemos "Ximnasia cerebral para aprender mellor", actividade que os relaxaba que rompía a rutina de traballo. Tamén facíamos a actividade de relaxación "Tranquilos e atentos como una rana".

Participamos en todas as actividades propostas dende o departamento de complementarias, biblioteca e normalización.

Ao longo do curso fixemos diferentes tarefas con material de elaboración propia, algunhas delas son as seguintes:

**XOGAMOS CON LOBIÑO.** Lobiño é a mascota da nosa clase de 1º de Primaria. Cada fin de semana, Lobiño vaise de visita á casa dun neno ou dunha nena da clase. Alí comparte xogos, saídas, lecturas e tempo de lecer con [el@s](mailto:el@s). Pero Lobiño leva unha libreta onde os seus anfitrións, teñen que escribir todo o que fai e facerse fotos.

## **A ABELLIÑA QUE PERDEU AS ÁS**

O alumnado de 1º traballou a lectura do libro "A abelliña que perdeu as ás" de Ramón Romero Nogueira. Coa lectura deste libro traballamos a poesía e a memoria, xa que a repetición destes versos é moi axeitada para a memorización nestas idades. Tamén fixemos un traballo que quedou recollido nun libriño coma se poder ver nesta imaxe.

## **O CORAZÓN DOS PAXAROS**

Ao longo deste curso traballamos neste libro de Xerardo Quintiá que ten moito que ver co noso proxecto anual "Un planeta cheo de vida". Este lectura fíxonos reflexionar sobre a importancia do coidado do medio ambiente e coma todos somos beneficiados se coidamos da natureza. Fixemos unhas reflexións, e escribimos unhas historias coa lectura deste libro coma as que aparecen nestas imaxes.

**OBRADOIRO PAPIROFLEXIA. ANIMAIS DA SELVA.** Dentro do proxecto da nosa aula "A selva", traballamos moito no estudo dos animais, e mesmo construimos e fixemos moitos obradoiros de plástica. Un deles foi este obradoiro de papiroflexia en colaboración coa familia Chapela Álvarez. Nel construimos animais que viven na selva e mesmo os botamos a voar, nestes imaxes aparecen diferentes momentos destes xenial obradoiro que o levamos adiante coa enorme axuda desta familia dunha alumna da nosa aula de Primeiro

**DÍA DO LIBRO.** Con motivo do día do libro, na aula de 1º traballamos no estudo das diferentes partes que temos nun libro, ademais de ver os diferentes tipos de textos que nos atopamos, decidimos facer con cada un dos alumnos/as o seu libriño. Fixemos unhas historias moi interesantes, fomentando a lectura e a expresión escrita.

**PROXECTO " A SELVA.** Dentro do proxecto anual de centro "Un planeta cheo de vida", a clase de Primeiro estivo investigando acerca do ecosistema da selva e as súas características.

Primeiro, e seguindo o proceso de investigación, reflexionamos sobre o qué sabíamos e o qué nos gustaría aprender. Logo xa repartimos os intereses por equipos, e procedemos a buscar información, clasificala e redactala. Finalmente como todos os anos fixemos a nosa representación nas xornadas de expertos diante de todo o colexio.

<https://drive.google.com/file/d/1dSIigIT1uuxgeQXLlm4S2Is7ojHBgQox/view?usp=sharing>- Presentación ODT

<https://drive.google.com/file/d/1EmuB1pZeVshloFMeAjMrGuSe-vx5UgRI/view?usp=sharing>- PDF texto

<https://youtu.be/QInRIJMyYTU?feature=shared>- Presentación enYoutube

### 3.- RECURSOS

Na aula de 1º utilizamos todos os recursos disponibles no centro. É de gran importancia o panel interactivo do que dispoñemos na aula, facilitándonos o acceso a aula virtual e a plataforma BLINKLEARNING da nosa editorial. Ademais, coincidindo cos temas traballados no trimestre, utilizamos os libros da aula e da biblioteca.

Os ordenadores de aula tamén foron utilizados de xeito frecuente para diferentes actividades STEM.

### 4.- CURRÍCULO

Como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado entre outros. Unha vez que obtivemos os resultados, procedeuse a adaptar a programación. Este curso retomamos a aprendizaxe

cooperativa en grupos de traballo dende o comenzo do curso. Isto enriqueceu significativamente as nosas propostas de traballo. A avaliación neste curso foi un proceso moi continuo, pois ao ser nenos moi pequenos, valórase moitísimo o traballo diario coa observación e corrección das tarefas. Penso pois que a avaliación , é moi satisfactoria pola miña parte, pois se acadou unha porcentaxe do 100% de aprobados.

## **5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO**

O alumnado participou activamente e con moito entusiasmo en todas as actividades propostas na aula. A participación deste grupo sempre foi moi entusiasta. Tamén participaron nun grado moi alto nas propostas da biblioteca e nas actividades complementarias.

## **6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO**

Como todos os anos, ao comenzo de curso, fíxose unha reunión con todas as familias.

Posteriormente ao longo de cada trimestre, mantivéronse reunións puntuais cas familias que o solicitaron, ou cando foi necesario por diferentes motivos. A resposta das familias foi sempre moi positiva, colaborando sempre que foi preciso e participando activamente nas propostas do centro.

A participación e implicación das familias deste grupo clase foi altísima e moi satisfactoria. Dende o primer día xa tiveron que enfrentarse ao rexistro na plataforma BLINKLEARNING, e a resolución foi moi positiva. A implicación no proceso de ensinanza aprendizaxe foi moi alta, reflectíndose nos resultados acadados polo alumnado.

## **6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO**

Dende o primer día coordinación entre o diferente profesorado foi constante e continua. A coordinación foi en diferentes niveis; coa compañeira de ciclo, co departamento de orientación, e co profesorado de Pt e AL.

## **7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS**

A totalidade do alumnado do grupo de 1º de Primaria, acadou os contidos do curso, e polo tanto desenvolveu as competencias, acadando así a promoción para 2º de Primaria.

## **8.-DIFICULTADES ATOPADAS**

A dificultade ao comenzo do curso veu dada polo número de alumnado 25, e a diferenza de niveis de madurez no punto de partida. Unha vez resolto co profesorado de PT, Al e apoio, non se presentaron dificultades significativas na consecución dos obxectivos.

## **9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO**

A proposta para a vindeiro curso é facilitar profesorado de apoio e PT na aula, pois ao tratarse dun grupo de nenos moi numeroso e pequenos, é preciso un apoio continuo sobre todo na adquisición da lectoescritura. Tamén me parece interesante utilizar en mais actividades o recurso dos grupos heteroxéneos de 1º a 6º, pois xa temos comprobado os excelentes resultados, e como mellora a responsabilidade e autonomía nos noso alumnado.

## **10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO**

Penso que ao comenzo de curso, sería bo renovar algúns xogos educativos e algún material manipulativo.